



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 8 de abril de 2021**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de abril de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(253).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 31 de marzo de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(254).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL". EXPTE. 664/441.**

Visto o informe de fiscalización do 31/03/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 30/03/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL", redactado polos Arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Manuel Portolés Sanjuan e D. Francisco Javier Garcia-Quijada, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 01/12/2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 381.305,15 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.61 (Humn. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2020	2.197.043,98 €
TOTAL	2.197.043,98 €



## Concello de Vigo

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U. por estar incurso a súa oferta en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,24
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	90,92
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,87
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,73
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	87,07
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	84,69
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	17,05

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 12 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 25 de marzo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de febreiro e 3 de marzo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de ORECO, S.A. Uadoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021, por estar incurso a súa oferta en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.*



## Concello de Vigo

2. *Adjudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441) por un prezo total de 1.645.585,94 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.597,56 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(255).- INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PERDAS A CONSECUENCIA DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE. EXPTE. 6572/241.**

Visto o informe de fiscalización do 04/03/21, dáse conta do informe-proposta de data 03/03/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, asinado pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o

estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.

- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611). Dito contrato se formalizou na data 27 de xuño de 2019.

**Segundo.-** En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen prexuízo da súa actualización na web municipal.

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

**Terceiro.-** Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Quinto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Sexto.-** O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

**Sétimo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

*“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) formalizado con “FCC AQUALIA, S.A” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia prodúcese:*

- *A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.*
- *A suspensión parcial da parte fixa do contrato afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza.*

*Continúase coa prestación dos servizos de dirección, mantemento técnico, subministros enerxéticos e o 50% do servizo de limpeza vinculados ás instalacións públicas.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, excepto a suspensión parcial do servizo de limpeza que terá efectos desde o 2 de abril de 2020, datas nas que se produciu a situacións de feito que impiden a súa prestación e ata que poidan reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”*

**Octavo.-** O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

**Noveno.-** Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías delegadas de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

**Décimo.-** A Orde SND/458/2020, de 30 de maio, regula a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición cara a unha nova normalidade.

**Undécimo.-** En data 11 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou:

*“1º.- Reanudar a execución da parte fixa do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza, o luns 15 de xuño de 2020, manténdose a suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.”*

**Duodécimo.-** En data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Reanudar a execución da parte variable do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores.”*

**Décimo terceiro.-** En data 30 de xullo de 2020, D. José Luis García Ibáñez, en nome e representación de FCC AQUALIA, S.A., presenta a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE W458722-5882) escrito de solicitude de indemnización correspondente ós meses de marzo a xuño, como consecuencia da suspensión do contrato administrativo expte. nº 2.496-611, de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Tras requirirselles a mellora da solicitude, en data 4 de setembro achega mellora de solicitude.

**Décimo cuarto.-** En data 16 de setembro de 2020, D. José Luis García Ibáñez, en nome e representación de FCC AQUALIA, S.A., presenta a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE W503450-4973) escrito de solicitude de indemnización correspondente ós meses de xullo a setembro, como consecuencia da suspensión parcial da parte variable do citado contrato. Pon de manifesto ó erro da primeira solicitude e a necesidade de descontar determinados conceptos da indemnización correspondente a este período:

*“En cuanto al 1º Expediente de Indemnización se detectaron errores subsanables en los importes reclamados en relación al responsable do contrato y aclarar que se le está computando la totalidad del mes de Junio cuando solo corresponde 15 días de dicho mes, además debemos descontar la parte proporcional de la paga extra desde el 14 de marzo hasta el 15 de Junio, el importe a descontar por el Responsable del contrato sería 588,56 euros. Además debemos descontar la parte proporcional de la paga extra desde enero hasta el 14 de marzo esto con el 50% de los trabajadores de Limpieza, esto asciende a 3.803,36 euros. Por lo tanto debe quedar excluida esta cantidad de dicha reclamación. Proponemos que se pueda descontar el importe de la siguiente solicitud de indemnización que presenta esta sociedad, siendo el importe total a descontar de 4.391,92 euros”.*

**Décimo quinto.-** En data 18 de decembro, o responsable do contrato informa sobre esta solicitude o seguinte:





## Concello de Vigo

"A mercantil FCC Aqualia solicita indemnización de acordo co RDL 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 doc. 200263867.

Tras a análise da documentación aportada pola mercantil no doc. 200263867 e atendendo ó artigo 34.1 do RDL 8/2020 expónse:

*Primeiro: Comprobada a documentación expónse.*

*Gastos salariais: solicítase pola mercantil FCC AQUALIA, pax. 3 do documento, indemnización polos gastos salariais por importe de 78.548,32 euros, descontado xa o importe de 4.391,92 euros correspondentes a primeira indemnización. O desconto é relativo ós conceptos do responsable do contrato 588,56 euros polos períodos non indemnizables da paga extra do 1 de xaneiro ó 13 de marzo e do 15 de xuño ó 30 de xuño e 15 días de salario do mes de xuño. O 50% dos traballadores limpiadores 3.803,36 euros polo período non indemnizable da paga extra do 1 de xaneiro o 13 de marzo.*

*No anexo I Certificación Gastos Salariais recóllese o importe da totalidade da cantidade a indemnizar 82.940,24 euros polo período do 1 de xullo ó 30 de setembro, a cal se lle descontan os 4.391,92 euros, sendo o importe a abonar a cantidade solicitada de 78.548,32 euros.*

*Na dilixencia aclaratoria do primeiro período de indemnización expdt. 6507\_241 recóllase dita circunstancia.*

*Presenta declaración xurada no anexo II na que declara que aínda ten traballadores en ERTE da parte variable do contrato.*

*Presenta copia das nóminas no Anexo III e copia das RNT e RLT no anexo IV.*

*Atendendo ó que antecede propónse ó servizo de contratación a tramitación de indemnización a favor da mercantil FCC AQUALIA S.A da cantidade de 78.548,32 euros polos meses e período solicitados, do 1 de xullo ó 30 de setembro. O importe desta de indemnización aplicarase con cargo ós créditos comprometidos para a xestión do contrato contabilizados segundo o seguinte cadro.*

				importe indemnizacion
Partida orzamentaria	Coste variable monitores		AD	78.548,32
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	202000007205	7.854,83
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202000007206	8.899,52
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202000007207	25.174,74
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202000007208	16.848,61
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202000007209	12.685,55
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202000007210	7.085,06
total		100%		

**Décimo sexto.-** En data 23 de decembro de 2020, a XGL acordou:

“1º.- Autorizar o abono a conta a FCC AQUALIA, S.A, da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril, dende o 14 de marzo o 15 de xuño de 2020. A indemnización correspondente ó período citado é de 152.556,23 euros, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao personal adscrito á execución ordinaria do contrato: 150.656,99 euros
- Gastos por mantemento da garantía definitiva: 453,20 euros
- Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 1.446, 04 euros”

2º.- O abono a conta imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida orzamentaria	Coste variable monitores		AD	importe indemnización euros:
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	202000007205	15.255,62
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202000007206	17.284,62
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202000007207	48.894,27
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202000007208	32.723,31
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202000007209	24.637,83
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202000007210	13.760,57
<b>total</b>		<b>100%</b>		<b>152.556,23</b>

A Intervención Xeral no informe de fiscalización, tras fiscalizar de conformidade por tratarse dun abono a conta, pon de releve determinados erros que é preciso ter en conta na liquidación final:

**“Regularizacións a ter en conta na futura liquidación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola suspensión como consecuencia do Covid-19**

A proposta que se informa é a autorización dun abono a conta da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión parcial da execución do presente contrato de servizos, estando polo tanto pendente a súa liquidación final, toda vez que o levantamento total da suspensión (acordado por XGL de 25/09/2020) non tivo lugar ata o 1 de outubro de 2020.



## Concello de Vigo

O servizo xestor na súa dilixencia de data 16 de decembro de 2020 pon de manifesto unha serie de axustes económicos que deberán ser tidos en conta na tramitación da futura liquidación da indemnización. Así no mesmo indicase que :

3.- Unha vez emitido o informe técnico de data 11 de decembro de 2020. detectase na relación presentada non anexo IV doc. 200184213 de data 8 de outubro emitido pola empresa (a requirimento do servizo en data 16 de setembro), detéctase unha serie incidencias, que deberán ser tidas en conta na futura liquidación da indemnización, toda vez que a proposta que agora se fai é un abono a conta:

- *En relación os gastos salariais relativos ó responsable do indicar que por erro a empresa solicita como gasto indemnizable (na citada porcentaxe do 25%) a totalidade do custo salarial do mes de xuño cando soamente lle corresponde 15 días, toda vez que o servizo reanudouse o 15 de xuño de 2020. Por outra banda nos custos salariais do mes de xuño a solicítase como indemnización a totalidade da paga extra, cando só sería custo indemnizable a parte proporcional da paga extra devengada dende a data de suspensión e ata o 15 de xuño, toda vez que o servizo reanudouse o 16 de xuño, debendo quedar excluída a parte non indemnizable dos meses de xaneiro, febreiro, do 1 ó 13 de marzo e do 16 de xuño ata o 30 de xuño.  
Ditas cantidades deberán ser descontadas da seguinte solicitude de indemnización que presente a mercantil.*
- *Os traballadores de limpeza no mes de xuño se lles está imputando os gastos salariais da totalidade da paga extra polo mes completo, cando so corresponde imputar o gastos salariais de dita paga para o período do 14 de marzo ó 15 de xuño.  
Ao igual que no apartado anterior ó ser a indemnización que se tramita un abono a conta e a mercantil solicitará outro período de indemnización a partir do 1 de xullo en adiante, dita cantidade, dos gastos salariais correspondentes a paga extra do persoal de limpeza debe ser descontada en dita solicitude de indemnización."*

**Décimo sétimo.-** En data 18 de decembro de 2020 o responsable do contrato emite informe sobre a indemnización solicitada. Á vista do mesmo, a xefa do servizo de contratación formula proposta de indemnización á XGL en data 22 de decembro, e remitiu a mesma á Intervención xeral para a previa fiscalización.

**Décimo oitavo.-** En data 14 de xaneiro de 2021, a Intervención xeral procede á devolución do expediente ó servizo xestor porque "Unha vez pechado o exercicio orzamentario 2020 sen terse informados os expedientes (...) actualmente non existe crédito no orzamento en vigor para facer fronte aos gastos derivados dos mesmos".

**Décimo noveno.-** En data 25 de febreiro de 2021, o responsable do contrato emite un novo informe sobre a indemnización solicitada por AQUALIA pola suspensión do contrato que nos ocupa.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

+

### RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PREXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as conse-

cuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e prexuízos polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan. En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueiros ou custes de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

-II-

## **PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POL OS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19:



## Concello de Vigo

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder á instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pago ou mediante pagos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e prexuízos ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de abono parcial do período do 1 de xullo ó 30 de setembro con relación á parte variable, último período de suspensión toda vez que, a Xunta de Goberno Local en datas 11 de xuño de 2020 e 24 de setembro de 2020 acordou reanudar a execución da parte fixa e da parte variable do contrato respectivamente. Xa tramitouse un abono parcial do mesmo contrato baixo o número de expediente 6507-241 aprobado pola XGL o 23 de decembro de 2020.

Como se expuxo nos antecedentes no abono a conta do primeiro período de suspensión recóllese unha cantidade que non correspondía polo que procede descontar 4.391,92 euros da indemnización correspondente a este período. Tal e como dí a empresa:

*“En cuanto al 1º Expediente de Indemnización se detectaron errores subsanables en los importes reclamados en relación al responsable del contrato y aclarar que se le está computando la totalidad del mes de Junio cuando solo corresponde 15 días de dicho mes, además debemos descontar la parte proporcional de la paga extra desde el 14 de marzo hasta el 15 de Junio, el importe a descontar por el Responsable del contrato sería 588,56 euros. Además debemos descontar la parte proporcional de la paga extra desde enero hasta el 14 de marzo esto con el 50% de los trabajadores de Limpieza, esto asciende a 3.803,36 euros. Por lo tanto debe quedar excluida esta cantidad de dicha reclamación. Proponemos que se pueda descontar el importe de la siguiente solicitud de indemnización que presenta esta sociedad, siendo el importe total a descontar de 4.391,92 euros”.*

Informa ó respecto o responsable do contrato:

*"solicítase pola mercantil FCC AQUALIA, pax. 3 do documento, indemnización polos gastos salariais por importe de 78.548,32 euros, descontado xa o importe de 4.391,92 euros correspondentes a primeira indemnización. O desconto é relativo ós conceptos do responsable do contrato 588,56 euros polos períodos non indemnizables da paga extra do 1 de xaneiro ó 13 de marzo e do 15 de xuño ó 30 de xuño e 15 días de salario do mes de xuño. O 50% dos traballadores limpadores 3.803,36 euros polo período non indemnizable da paga extra do 1 de xaneiro o 13 de marzo.*

*No anexo I Certificación Gastos Salariais recóllese o importe da totalidade da cantidade a indemnizar 82.940,24 euros polo período do 1 de xullo ó 30 de setembro, a cal se lle descontan os 4.391,92 euros, sendo o importe a abonar a cantidade solicitada de 78.548,32 euros.*

*Na dilixencia aclaratoria do primeiro período de indemnización expediente 6507\_241 recollíase dita circunstancia".*

A solicitude presentada polo contratista encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020, refírese ao período no que o contrato estivo en suspenso e, o servizo xestor no seu informe de data 25 de febreiro de 2021 expresa a súa conformidade coa documentación aportada e a indemnización solicitada polo que, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar a liquidación definitiva da indemnización polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución deste, suspensión declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde 14 de marzo de 2020.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado por FCC AQUALIA, S.A, polos danos e prexuízos causados como consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte, dende o 1 de xullo o 30 de setembro pola suspensión da parte variable do contrato. A indemnización correspondente ó período citado é de 78.548,32 euros. A mesma imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida orzamentaria	Coste variable monitores		OPERACION CONTABLE ( n.º ADREM)	importe indemnización euros
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	202100009410	7.854,83
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202100009411	8.899,52
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202100009412	25.174,74
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202100009413	16.848,62
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202100009414	12.685,55
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202100009415	7.085,06



## Concello de Vigo

total		100%		78.548,32
-------	--	------	--	-----------

### -III-

#### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

1º.- Autorizar a liquidación definitiva da indemnización de danos e perdas a consecuencia da suspensión da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte, polo período do 1 de xullo ó 30 de setembro de 2020, por importe de 78.548,32 euros.

2º.- A indemnización imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida orzamentaria	Coste variable monitores		OPERACION CONTABLE ( n.º ADREM)	importe indemnización euros
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERTES	10,00 %	202100009410	7.854,83
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	202100009411	8.899,52
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	202100009412	25.174,74
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	202100009413	16.848,62
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	202100009414	12.685,55
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	202100009415	7.085,06
total		100%		78.548,32

#### ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(256).- INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS COMO CONSECUENCIA DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 6452/241.**

Visto o informe de fiscalización do 29/03/21, dáse conta do informe-proposta do 15/03/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.





## Concello de Vigo

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno local acordou:

*“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas do que adxudicataria Clece, SA como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.*

**Segundo.-** Con data do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS (EXPTE. 21847/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro”.*

**Terceiro.-** O 20 de xullo de 2020, CLECE, S.A. (empresa adxudicataria dos lotes 1 e 2 do contrato) presenta no Rexistro do Concello de Vigo (documento número 200130817) escrito de solicitude de indemnización dos danos e perdas como consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 do expte. 21.847-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 16 de marzo ao 16 de xullo de 2020. Complementa esta solicitude coa presentación de nova documentación o 22 de novembro (documentos número 200247857, 200247858 e 200247859) e o 21 de decembro de 2020 (documento número 200266682).

**Cuarto.-** En data 23 de decembro de 2020 o técnico de Actividades Culturais e Educativas, coa conformidade da xefa do servizo de Educación, informa o seguinte:

*“Con data 20 de xullo de 2020, CLECE SA (empresa adxudicataria dos contratos vixentes para a xestión das Escolas infantís municipais Tomás Alonso e Casiano Martínez-Bouzas) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización polo periodo comprendido entre o 16/03/2020 e o 16/07/2020 (doc 200130817) con motivo da suspensión dos contratos de xestións destas escolas, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo. Posteriormente, con data 22/11/2020, presenta no Rexistro documentación complementaria xustificativa dos pagos realizados polos que solicita indemnización (docs 200247857, 200247858 e 200247859).*

As dúbidas xurdidas na tramitación do expediente, obrigan a CLECE SA a presentar, con data 21/12/2020, documentación xustificativa da indemnización solicitada (docs 200266682 e 200266683).

En relación ao solicitado:

- 1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:
- i. Declarar a imposibilidade total de execución dos contratos de xestión das Escolas infantís municipais Tomás Alonso e Casiano Martínez-Bouzas (expediente 21847-332) formalizados con CLECE SA como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6452-241).
  - ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:
- "Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:
1. Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.
  2. Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.
  3. Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.
  4. Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.
- 3º) A Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2020 adoptou o acordo de "reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (expte 21847-332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".
- 4º) Na primeira solicitude, de data 20/07/20, CLECE SA solicita indemnización polos seguintes conceptos e importes:

<b>Escola</b>	<b>Gastos persoal</b>	<b>Garantía</b>	<b>Pólizas</b>	<b>TOTAL</b>
EIM Tomás Alonso	21.546,81	77,96	190,26	<b>21.815,04</b>
EIM Casiano Martínez-Bouzas	20.169,15	77,04	192,60	<b>20.438,79</b>



## Concello de Vigo

Na última comunicación (de 21/12/20) relativa á solicitude de indemnización, CLECE SA adxunta documentación relativa aos pagos polos gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020) relativos ao período comprendido entre o 16 de marzo e o 16 de xullo de 2020 e concreta e circunscribe a solicitude de indemnización aos seguintes conceptos e importes:

<b>Escola</b>	<b>Gastos persoal</b>	<b>TOTAL</b>
EIM Tomás Alonso	15.953,56	<b>15.953,56</b>
EIM Casiano Martínez-Bouzas	16.713,01	<b>16.713,01</b>

5º) Hai que ter en conta que CLECE SA recurriu a un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) o día 24 de marzo de 2020, polo que neste caso se dá unha situación diferente á orixinada polas solicitudes de indemnización do resto de empresas con contratos de xestión de servizos no ámbito competencial do servizo de Educación do Concello de Vigo, empresas que non deron de baixa en ningún momento aos seus traballadores. Esta situación, ao entender do funcionario que subscribe, xera dúbidas con respecto ao xeito de proceder ante esta solicitude de indemnización. Esta maior complexidade, nunha situación sen precedentes, está a xerar moitas dúbidas en relación á procedencia ou non de facer efectivas este tipo de indemnizacións a empresas que recurriron a regulacións de emprego (ERTEs). De feito, as propias diferencias nas contías da solicitude xeran máis dúbidas, que se suman ás que crea a diferente situación na que se poden atopar, de cara a determinados dereitos, as traballadoras e as empresas que recurriron a ERTE con respecto ás que non o fixeron (hai que ter en conta que o acordo de 28/05/20 para suplementar pola empresa a parte do salario non cuberta polo ERTE está asinado por CLECE e por un grupo de traballadoras, non pola totalidade), deixando moitas dúbidas en relación aos conceptos polos que poderían seren indemnizadas as empresas que se acolleron a ERTE, baixo os criterios establecidos polo RD 8/20.

6º) Se, na tramitación do presente expediente, os departamentos municipais de Contratación, Asesoría xurídica e Intervención Xeral consideran que procede seguir adiante coas indemnizacións solicitadas por CLECE SA pola suspensión dos contratos para a xestión das **Escolas infantís municipais Tomás Alonso e Casiano Martínez-Bouzas** durante o período comprendido entre o **16/03 e o 16/07/2020**, desde o servizo de municipal de Educación infórmase que, en base á última documentación aportada por CLECE o 21/12/20, está acreditado o pago das seguintes cantidades, xustificadas como complemento salarial á prestación por desemprego e unha porcentaxe do custe da Seguridade Social, distribuídas por escola e expedientes de gasto:

**Expte 21.847/332 (EIM TOMÁS ALONSO)**

Gastos salariais: 15.953,56€

**Total: 15.953,56€**

**Expte 21.847/332 (EIM CASIANO MARTÍNEZ-BOUZAS)**

Gastos salariais: 16.713,01€

**Total: 16.713,01€**

7º) Estas cantidades aplicaríanse, no seu caso, aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

<b>Escola</b>	<b>Nº expediente</b>	<b>Importe</b>	<b>Operación contable (nº AD)</b>
<i>EIM Tomás Alonso</i>	<i>21847-332</i>	<i>15.953,56</i>	<i>202000003285</i>
<i>EIM Casiano Martínez-Bouzas</i>	<i>21847-332</i>	<i>16.713,01</i>	<i>202000003284"</i>

**Quinto.-** O 23 de decembro de 2020 a xefa do Servizo de Contratación formula proposta de indemnización á Xunta de Goberno local e remítea á Intervención xeral para a previa fiscalización.

**Sexto.-** En data 14 de xaneiro de 2021, a Intervención xeral devolve o expediente ao servizo xestor porque *"Unha vez pechado o exercicio orzamentario 2020 sen terse informados os expedientes (...) actualmente non existe crédito no orzamento en vigor para facer fronte aos gastos derivados dos mesmos".n*

**Oitavo.-** En data 9 de marzo de 2021, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do servizo de Educación emite un novo informe sobre a indemnización solicitada por CLECE, S.A. pola suspensión do contrato obxecto deste informe.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAU- DADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:



## Concello de Vigo

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan. En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adjudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en conta na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscribas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

### **PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, régúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada

da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización do período 16 de marzo ao 16 de xullo de 2020.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada polo servizo xestor.

En relación co complemento de salarios ou cotizacións á Seguridade Social, os informes 4/2020, do 19 de maio de 2020 e 2/2020, do 17 de maio, da Comisión Permanente da Xunta de Contratación Pública de Navarra, referidos ao artigo 2 da Lei foral 7/2020, do 6 de abril, que regula a indemnización dos gastos salariais en idénticos termos que o artigo 34 do RD 8/2020, indican que este complemento debe tamén computarse de cara ao cálculo das indemnizacións. Lembra a Xunta de Contratación Pública de Navarra que sempre que os gastos teñan a consideración de salariais e se teñan abonado “efectivamente”, deberán ser indemnizados.

Afonda, tamén, sobre os posibles conceptos que se inclúen dentro de “gastos salariais”, sinalando que:

*“A este respecto merece la pena abundar en el concepto de costes salariales (que se convertirán en gastos para la persona empleadora cuando se hagan efectivos conforme se ha señalado anteriormente), que se pueden definir como el importe total que le supone a una empresa tener a una persona trabajadora contratada. Este concepto incluye, al menos, tanto el salario bruto de la persona trabajadora (salario neto, retenciones IRPF, cotización a la seguridad social) como los costes sociales a cargo de la empresa (aportación por contingencias comunes, cotización por desempleo, FOGASA y formación profesional)”.*

Ademais, engade que:

*“Si es facultativo para la empresa solicitar un ERTE (dado que puede no hacerlo y en ese caso percibirá la indemnización contemplada en la cuestión 1 de este informe, que conforme a la última redacción del artículo 2 LF7/2020 incluye de forma expresa las cotizaciones a la Seguridad Social), parece lógico que no resulte perjudicada por una decisión que se toma, también de forma facultativa, en beneficio de las personas trabajadoras y, que, en conjunto, supone una carga menor para el órgano de contratación. Son, por tanto, indemnizables, las cuantías salariales que la empresa haya abonado efectivamente, aún cuando se haya aplicado un ERTE”.*

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 (“Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión”) e que o técnico de Actividades



## Concello de Vigo

Culturais e Educativas e a xefa do servizo de Educación expresan no seu informe de data 9 de marzo de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución dos contratos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 do expte. 21.847-332) formalizado con CLECE, S.A., declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 16 de xullo de 2020 (o 17 de xullo reanudouse o servizo, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudaron o día 1 de setembro), polos seguintes importes:

- Expte 21.847/332 (EIM TOMÁS ALONSO):

- Gastos salariais: 15.953,56€
- Total: 15.953,56€

- Expte 21.847/332 (EIM CASIANO MARTÍNEZ-BOUZAS):

- Gastos salariais: 16.713,01€
- Total: 16.713,01€

### -III-

#### COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

*“Recoñecer o dereito de CLECE, S.A. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución dos lotes 1 e 2 do contrato de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (expte. 21.847-332), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 16 de xullo de 2020 (o 17 de xullo reanudouse o servizo, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudaron o día 1 de setembro) polos importes que deseguido se indican, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contratista:*

- **EIM TOMÁS ALONSO: 15.953,56 euros**
- **EIM CASIANO MARTÍNEZ-BOUZAS: 16.713,01 euros**

*Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican na seguinte táboa:*

<i>Escola</i>	<i>Nº expte.</i>	<i>Importe</i>	<i>Operación contable (nº ADREM)</i>
<i>EIM Tomás Alonso</i>	<i>21847-332</i>	<i>15.953,56</i>	<i>202100009391</i>
<i>EIM Casiano Martínez-Bouzas</i>	<i>21847-332</i>	<i>16.713,01</i>	<i>202100009392</i>

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(257).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA CIDADE DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PROXECTOS DEPORTIVOS DURANTE A TEMPADA 2020/2021. EXPTE. 20425/333.**

Visto o informe xurídico do 30/03/21 e o informe de fiscalización do 05/04/21, dáse conta do informe-proposta de data 30/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 20425/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2020/2021, e atendendo ás observacións transmitidas pola Intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Corrixíuse o subapartado a.2) da cláusula 7ª da convocatoria, quedando o mesmo como se detalla a continuación:

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado.

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (Incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, Nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.





## Concello de Vigo

- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

### ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2021 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

*Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.



## Concello de Vigo

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2020/2021 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do orzamento do ano 2021.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### Bases específicas para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo en relación á actividade deportiva da tempada 2020/2021.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2021 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2020/2021 ou durante o ano 2021 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

## **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas. Estes gastos poderán ter relación entre outros a gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamentos e comidas, arbitaxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, gastos COVID-19 (Test, luvas, xel, máscaras...), etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2020/2021, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.

A tempada deportiva 2020/2021 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de deportes, no informe que se axuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

## **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 925.000,00€ (Nove centos vinte cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

## **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións tramitadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2020/2021.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

### QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- ▣ As federacións deportivas.
- ▣ Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- ▣ Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante a tempada 2019-2020.
- ▣ As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2020/2021.

4. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2020-2021 ou no ano 2021 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que desenvolven proxectos directamente vinculados co deporte adaptado. Exceptuarase da obriga de estar integradas nunha federación deportiva a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- ▣ Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- ▣ Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- ▣ Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

5. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:
  - Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
  - Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao

corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consinte tal extremo.

- As entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo

En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- c) Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para o procedemento de concesión da subvención.
- d) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- e) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- f) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 86 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.



## Concello de Vigo

- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado.

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (Incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, Nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Número de licencias ata categoría previa á absoluta incluída. Ata 22 puntos  
Volume de licencias ata categoría previa á absoluta e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- ▣ 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- ▣ 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- ▣ 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- ▣ 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- ▣ 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- ▣ 10 puntos: De 201 a 250 licencias.
- ▣ 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- ▣ 14 puntos: De 301 a 350 licencias.
- ▣ 16 puntos: De 351 a 400 licencias.
- ▣ 18 puntos: De 401 a 450 licencias.
- ▣ 22 puntos: >450

Volume de licencias de base ata categoría previa á absoluta e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo

e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: > de 2.000 licencias.

b.2. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 75 licencias.
- 5 puntos: De 76 a 90 licencias.
- 6 puntos: >90 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 45 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 4 puntos: De 401 a 450
- 4 puntos: De 451 a 500
- 6 puntos: >500 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos federados cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 15 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 15, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2020. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.





## Concello de Vigo

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2020/2021, ou en calquera caso, no ano 2020 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.**

- 1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.
- 2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a totalidade das solicitudes admitidas no proceso.
- 3.- O importe máximo da subvención a cada entidade será de 30.000,00€ e non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse este límite, aplicarase o factor de corrección necesario.

### **NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

### **DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no párrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa pre-

sentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

## **DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos da tempada 2020/2021.
- Anexo I.3: Ficha resumo do proxecto
- Anexo I.4. Declaración responsable.
- Anexo I.5. Certificado da Federación no que se detalle definido o número de licencias **desglosado por categoría e xénero**, da tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificado emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e, no seu caso as que organizan, etc. (Detalle das competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade ou, no seu caso, os deportistas individuais, no de equipos e/ou deportistas por categoría e xénero, categorías ou nome das competicións nas que participa, ámbito dos desprazamentos, torneos ou competicións fora do ámbito da competición regular nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).
- **Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.**
- **Só para solicitantes de subvención pola organización de eventos: Documentación obrigatoria:**
  - Anexo I.6. Orzamento evento deportivo.
  - Anexo I.7. Ficha resumo do evento
  - Proxecto do evento completo.

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.



## Concello de Vigo

- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas opoñanse a esta consulta, deberán indicalo na casilla correspondente habilitada no formulario e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e

en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

#### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local conxuntamente a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electrónicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, conxuntamente coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)



## Concello de Vigo

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade

de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.17, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de su-





## Concello de Vigo

bvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CORUJO CLUB DE FUTBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 100.000,00 €. a favor da entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL co CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao, s/n, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20359-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUJO CLUB DE FUTBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXP-TE. 20359/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil \_\_\_\_\_.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao s/n, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20359/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda división B , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- h) Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- ▣ Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- ▣ A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.17 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 100.000,00 €, a favor da entidade deportiva CORUJO CLUB DE FUTBOL .

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar



## Concello de Vigo

as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL na tempada deportiva 2020-2021.

**VI.-** Que a entidade CORUJO CLUB DE FÚTBOL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20359-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CORUJO CLUB DE FUTBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2020-2021.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.

- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CORUJO CLUB DE FUTBOL unha subvención por importe de 100.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.17 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día



## Concello de Vigo

seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres



## Concello de Vigo

ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_\_.

O Concelleiro de Deportes

O Presidente do Corujo Club de Fútbol

Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. Gustavo Falque Comesaña\_





## Concello de Vigo

### **7(259).- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA, TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA). EXP-TE. 14551/306.**

Dáse conta do informe-proposta do 31/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes.**

1.- En decembro de 2019, a directora xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, remitiu escrito, relativo ao Plan para a retirada dos niños de vespa velutina en todo o territorio galego para o ano 2020, que o Goberno galego acordou poñer en marcha en colaboración coa Fegamp, polo que a Xunta de Galicia asumiría a realización das actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina no territorio municipal, e solicitaba do Concello o interese en acollerse ó dito plan.

En data do 12/12/2020, remitiuse escrito á referida Dirección xeral comunicando que o Concello de Vigo estaba interesado en acollerse a este plan polo que a Xunta de Galicia asumiría a realización das actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina no termo municipal de Vigo, sen prexuízo da información precisa antes de formalizarse a adhesión definitiva.

2.- En data do 15 de marzo de 2020, a Fegamp remitiu correo electrónico informando de que o pasado 10 de marzo de 2021, a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo Convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avéspera asiática (vespa velutina), indicando que para adherirse debe remitirse o Anexo III debidamente cuberto e asinado antes do vindeiro 12 de abril de 2021.

Indicaban, tamén, que o convenio asinado está publicado na web da fegamp "www.fegamp.gal" no enderezo: <https://www.fegamp.gal/content/convenio-xunta-de-galicia-fegamp-para-o-programa-galego-da-vespa-velutina-2021> para xeral coñecemento.

#### **II.- Fundamentos de dereito.**

O convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp o pasado 10 de marzo de 2021, ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos, figurando o Concello de Vigo incluído dende o ano 2020, e debendo adherirse para o ano 2021 cumprimento o Anexo III do convenio.

As obrigas da Xunta de Galicia concrétanse en:

*“ A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de vespa velutina. concretamente realizará as seguintes actuacións:*

*1. Potenciar o portal de internet “eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de vespa velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas entidades locais.*

*2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.*

*3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de vespa velutina segundo o programa de vixilancia e control fronte a avéspera asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:*

*. Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.*

*. Eliminación/neutralización de niños activos de avéspera asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

*Neste tempo de resolución non contabilizarán cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.*

*. Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.”*

*Pola súa banda, as obrigadas das entidades locais adheridas concrétese en:*

*“. Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa Velutina, a requirimento da Xunta de Galicia.*

*. Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de*



## Concello de Vigo

*Galicia.*

*. Permitir a coordinación a través do portal de internet "Eido local" ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal))"*

O convenio ten unha duración ata o 30 de decembro de 2021, sen prexuízo das prórrogas que se acorden antes da súa finalización.

Segundo a Resolución do 5 de marzo de 2021, da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (publicada no DOGA 17/03/2021) encargou á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) a tramitación e execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vesa velutina).

Indícase, tamén, nesta resolución respecto da Financiación: o presuposto de execución ascende a un millón setecentos setenta e catro mil novecentos dezanove euros con noventa e oito céntimos (1.774.919,98 €), que se financiará con cargo á aplicación presupostaria 05.23.141A.227.42 dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na que existe crédito idóneo e suficiente.

Polo que respecta ó Concello de Vigo, a adhesión ó convenio non implica gastos de ningún tipo, limitándose a colaboracións con medios propios.

A competencia en materia de animais salvaxes -como é a vespa velutina- e exclusivamente da Xunta de Galicia, non obstante a súa nidificación pode afectar as zonas urbanas ou a seguridade das persoas onde concorren, tamén, competencias municipais na protección do medio ambiente urbano e seguridade dos cidadáns de conformidade co establecido no artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL.

Tamén, con carácter xeral, considérase de interese xeral o control da vespa velutina para o protección da fauna autóctona e conservación do medio natural.

O convenio de que se trata (a súa adhesión a este) é un convenio de colaboración interadministrativo dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.1. da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas entre sí, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente e seguridade das persoas.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido, polo que se xustifica a conveniencia e oportunidade para a adhesión ó citado convenio.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ó Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza Turismo da Xunta de Galicia e a Federeración Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (Vespa Velutina), asinado polas partes en data 10 de marzo de 2021.

**SEGUNDO.-** Facultar á concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para a formalización da adhesión cumprimentando o Anexo III do convenio.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)**

En Santiago de Compostela a ----- de ----- de 2021

### **REUNIDOS**

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo que en virtude do seu nomeamento por Decreto 112/2020, de 6 de setembro, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 214/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.



## Concello de Vigo

De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

**Terceiro.-** Que de conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como *“un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.”* E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

**Cuarto.-** Que a Xunta de Galicia con motivo da problemática xerada polo avance da avéspera asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este Programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este Programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección

precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o ano 2019, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa Velutina foron realizadas, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Posteriormente, con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a Fegamp, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase este convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Fegamp, incorporando a novos concellos interesados en adherirse ao mesmo.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021, en base ás seguintes:

## **CLAÚSULAS**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Primeira. Obxecto do convenio**

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

#### **Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo**

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades Locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

#### **Terceira. Adhesión ao convenio**

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral tanto das entidades locais xa adheridas dende o ano 2020 que se relacionan no Anexo I como das novas entidades locais interesadas en adherirse relacionadas no Anexo II coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da vespa velutina, tendo en conta que este in-



## Concello de Vigo

secto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

As entidades locais dos Anexos I e II deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do Anexo III no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

### **Cuarta.- Modificación do convenio**

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Federación Galega de Municipios e Provincias.

### **Quinta. Duración do convenio**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

### **Sexta. Resolución do convenio.**

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

## **CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

### **Sétima.-Coordinar a execución do programa**

A Administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

1. Potenciar o portal de internet "Eido local" ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa Velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas Entidades Locais.
2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás Entidades Locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa Velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.
3. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa Velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avéspera asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:
  - Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de *Vespa velutina* recibidos e rexistrados a través da aplicación <http://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.
  - Eliminación/neutralización de niños activos de avéspera asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.

Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de

explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacias de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.

### **CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN**

#### **Oitava.- Facilitar a execución do programa**

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as Entidades Locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométese a:

- Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de vespa velutina da Xunta de Galicia.
- Permitir a coordinación a través do portal de internet "Eido local" ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal))

### **CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP**

#### **Novena.- Informar para facilitar a execución do programa**

- Coordinarse coa Administración da comunidade autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixilancia e control da vespa velutina da Xunta de Galicia.

### **CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

#### **Décima. Seguimento da execución do convenio**

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio





**Concello de Vigo**

## **CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO**

### **Décimoprimeira. Financiamento**

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

## **CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

### **Décimosegunda.- Natureza do convenio e discrepancias**

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### **Décimoterceira.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **Décimocuarta.- Publicidade**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias

D. Alfonso Rueda Valenzuela

D. Alberto Varela Paz

### ANEXO I

#### CONCELLOS ADHERIDOS DESDE O ANO 2020 E QUE MANIFESTAN O SEU INTERESE EN CONTINUAR ADHERIDOS NO ANO 2021

Abadín	Barbadás	Calvos de Randín
Abegondo	Barco de Valdeorras, O	Camariñas
Agolada	Barreiros	Cambados
Alfoz	Barro	Cambre
Allariz	Beade	Campo Lameiro
Ames	Beariz	Cañiza, A
Amoeiro	Becerreá	Carballeda de Avia
Antas de Ulla	Begonte	Carballeda de Valdeorras
Aranga	Bergondo	Carballedo
Arbo	Betanzos	Carballiño, O
Ares	Blancos, Os	Cariño
Arnoia, A	Boborás	Carnota
Arteixo	Boiro	Carral
Arzúa	Bola, A	Cartelle
Avión	Bolo, O	Castrelo de Miño
Baiona	Boqueixón	Castrelo do Val
Baleira	Bóveda	Castro Caldelas
Baltar	Brión	Castro de Rei
Baña, A	Bueu	Castroverde
Bande	Burela	Catoira
Baños de Molgas	Cabanas	Cedeira
Baralla	Caldas de Reis	Cee



## Concello de Vigo

Cenlle	Fornelos de Montes	Mesía
Cerceda	Foz	Mezquita, A
Cerdedo - Cotobade	Frades	Miño
Cerdido	Friol	Moaña
Cervantes	Gomesende	Moeche
Cervo	Gondomar	Mondariz
Chandrea de Queixa	Guarda, A	Mondariz-Balneario
Chantada	Guitiriz	Mondoñedo
Coirós	Guntín	Monfero
Coles	Incio, O	Monforte de Lemos
Corcubión	Irixo, O	Montederramo
Corgo, O	Irixoa	Monterroso
Coristanco	Lama, A	Moraña
Cortegada	Láncara	Mos
Covelo	Laracha, A	Mugardos
Crecente	Larouco	Muiños
Cualedro	Laxe	Muras
Culleredo	Leiro	Muros
Curtis	Lobios	Muxía
Dodro	Lourenzá	Narón
Dozón	Lugo	Navia de Suarna
Dumbría	Maceda	Neda
Entrimo	Malpica de Bergantiños	Negreira
Esgos	Mañón	Negueira de Muñiz
Estrada, A	Manzaneda	Neves, As
Fene	Marín	Nigrán
Ferrol	Maside	Nogais, As
Folgo do Courel	Mazaricos	Nogueira de Ramuín
Fonsagrada, A	Melón	Noia
Forcarei	Merca, A	Oia

Oímbra	Pontecesures	Samos
Oleiros	Pontedeume	San Amaro
Ordes	Pontenova, A	San Cibrao das Viñas
Oroso	Pontes de García Rodríguez, As	San Cristovo de Cea
Ourense	Pontevedra	San Sadurniño
Ouro	Porqueira	Santa Comba
Outes	Porriño, O	Santiago de Compostela
Oza-Cesuras	Portas	Santiso
Paderne	Porto do Son	Sanxenxo
Paderne de Allariz	Punxín	Sarria
Padrenda	Quintela de Leirado	Saviñao, O
Padrón	Quiroga	Silleda
Pantón	Rábade	Sober
Parada de Sil	Rairiz de Veiga	Sobrado
Paradela	Ramirás	Somozas, As
Pastoriza, A	Redondela	Soutomaior
Pazos de Borbén	Rianxo	Taboada
Pedrafita do Cebreiro	Ribadavia	Taboadela
Pereiro de Aguiar, O	Ribadeo	Teixeira, A
Peroxa, A	Ribas de Sil	Teo
Petín	Ribeira de Piquín	Toén
Pino, O	Riós	Tomiño
Piñor	Riotorto	Toques
Pobra de Trives, A	Rodeiro	Tordoia
Pobra do Brollón, A	Rois	Touro
Pobra do Caramiñal, A	Rosal, O	Trabada
Poio	Rúa, A	Trasmiras
Pol	Rubiá	Trazo
Ponteareas	Salceda de Caselas	Triacastela
Ponteceso	Salvaterra de Miño	Tui



## Concello de Vigo

Val do Dubra	Vigo	Vilarmaior
Valadouro, O	Vila de Cruces	Vimianzo
Valdoviño	Vilaboa	Viveiro
Valga	Vilagarcía de Arousa	XermadE
Vedra	Vilamarín	Xinzo de Limia
Veiga, A	Vilamartín de Valdeorras	Xove
Verea	Vilar de Barrio	Xunqueira de Ambía
Viana do Bolo	Vilardevós	Zas
Vicedo, O	Vilariño de Conso	

### ANEXO II

#### NOVOS CONCELLOS QUE CON CARÁCTER PREVIO A ESTE CONVENIO AMOSAN INTERESE EN ADHERIRSE

Cangas  
Coruña, A  
Lobeira  
Lousame  
Meaño  
Meira  
Melide  
Outeiro de Rei  
Páramo, O  
Pontedeva  
Portomarín  
San Xoán de Río  
Vilar de Santos  
Vilasantar  
Xunqueira de Espadañedo

### ANEXO III

#### PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

#### DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de , solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina) e, en consecuencia,

### **MANIFESTA:**

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)

### **8(260).- NOMEAMENTO INTERINO DE SEIS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA OS SERVIZOS DE OAR E BOMBEIROS. EXPTE. 37027/220**

Visto o informe de fiscalización do 05/04/21, dáse conta do informe-proposta do 31/03/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, a Secretaria de Goberno local, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino de, entre outros, cinco auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas. Igualmente a Xefatura de Bombeiros, solicita persoal auxiliar administrativo.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 28/01/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a incorporación de seis efectivos coa categoría profesional indicada (cinco para a OAR e un/unha para o Servizo de Bombeiros), na modalidade que resulte oportuna.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



## Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada*

filme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 377 auxiliar atención público ventanilla, e cód.138 auxiliares de administración xeral), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración





## Concello de Vigo

sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta nos escritos de data de sinatura electrónica da Secretaria de Goberno Local e da Xefatura de Bombeiros, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente; O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de

planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

#### **IV.- Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de seis auxiliares de administración xeral para a OAR (5 auxiliares atención público ventanilla) e para Servizo de Bombeiros (1 auxiliar de administración xeral), supón un gasto de **75.785,18 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **24.367,22 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **100.152,40 €**

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

#### **V. -Verificación das listas de reserva.**

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como como Auxiliares Administrativos/as aos interesados/as E. Martínez Martínez, con DNI \*\*\*5395\*\*, A. Tato Torres, con Dni. \*\*\*1953\*\*, M. M. Sicre González, con DNI. \*\*\*4690\*\*, M. M. Alonso Rodríguez, con DNI \*\*\*9436\*\*, E. Álvarez Martínez, con DNI \*\*\*1324\*\* e, A. Iglesias Pernas, con DNI \*\*\*6862\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo eá vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía,



## Concello de Vigo

Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da Oficina de Asistencia ao Rexistro, e o Servizo de Bombeiros contidas no escrito de data de sinatura electrónica.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de gasto de **75.785,18 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **24.367,22 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **100.152,40 €**

Elo con cargo aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral a *E. Martínez Martínez, con DNI \*\*\*5395\*\**, *A. Tato Torres, con Dni. \*\*\*1953\*\**, *M. M. Sicre González, con DNI. \*\*\*4690\*\**, *M. M. Alonso Rodríguez, con DNI \*\*\*9436\*\**, *E. Álvarez Martínez, con DNI \*\*\*1324\*\** e, *A. Iglesias Pernas, con DNI \*\*\*6862\*\**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos: posto cód. 377 auxiliar atención público ventanilla (5 aux. de admon xeral para a OAR) e posto cód. 138 (1 aux. de admón xeral para o Servizo de BOMbeiros), sendo adscritos/as aos respectivos Servizos, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, á Secretaria de

Goberno Local, ao Servizo de Bombeiros, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(261).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA "ASOCIACIÓN KV2211", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 DO ANO 2021. EXPTE. 3745/330.**

Visto o informe xurídico do 29/03/21, e o informe de fiscalización do 30/03/21, dáse conta do informe-proposta do 19/02/21, asinado polo técnico de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 20 de xaneiro do 2021, a "Asociación KV2211" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos da Orquestra Infantil e Xuvenil de Vigo KV2211 a realizar durante o exercicio 2021; por este motivo, con data 29 de xaneiro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A entidade "**ASOCIACIÓN KV2211**" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da "Orquestra KV2211". A Orquestra KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

### **PROGRAMACIÓN DO ANO 2021:**

**Sábado 9 de xaneiro: Concerto de Aninovo. "Aninovo Musical"**

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil



## Concello de Vigo

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

**Domingo 21 de marzo: Reconquista. “Música para unha reconquista”**

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Igrexa Colexiata

**Sábado 15 de maio: Concerto das letras galegas. “A forza dunha lingua”**

Formación: Orquestra Infantil

Lugar: Centro cultural de algunha parroquia de Vigo

**Domingo 20 de xuño: Día da música. “Beethoven & Co: Love, Life, Music”**

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

**Mércores 23 de xuño. O camiño de Santiago**

Vigo celebra o Xacobeo. O camiño portugués transcorre pola cidade e para promover o Xacobeo na cidade prevemos un flashmob a realizar nunha praza de Vigo para por en valor o Camiño de Santiago portugués que pasa por Vigo. Esta actuación podería ser replicada en Santiago de Compostela co mesmo fin de promoción do camiño de Santiago sur.

**Domingo 10 de outubro: Música clásica polas parroquias**

Formación: Orquestra Infantil

Lugar: Centro cultural de algunha parroquia de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 13.733 € (trece mil setecentos trinta e tres euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (72,81%)
- Recursos propios da asociación 3.733 € (27,18%)

**DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de alegacións ao texto do convenio, presentado na sede electrónica o día 19.02.2021.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación KV2211" para o financiamento do programa de concertos da Orquestra Infantil e Xuvenil KV2211 a realizar durante o exercicio 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLR-FL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación KV2211" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación KV2211" ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da Orquestra Infantil e Xuvenil KV2211 a realizar durante o exercicio 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.21** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación KV2211" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.



## Concello de Vigo

### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Asociación KV2211, CIF. G-27860667, para o financiamento do programa de concertos da Orquestra Infantil e Xuvenil KV2211 a realizar durante o exercicio 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 "ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL KV2211", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación KV2211 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2021 da Orquestra Infantil e Xuvenil KV2211".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN KV2211", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA "ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" DO ANO 2021

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de x, uño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. José Manuel Fernández Rosado, na súa condición de presidente do "Asociación KV2211" (CIF: G-27860667) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cerqueiro núm. 3, portal 1, 1º F, CP 36212 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

## MANIFESTAN

*I.- Que a entidade " **ASOCIACIÓN KV2211**" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da "Orquestra KV2211". A Orquestra KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN KV2211**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.21, como subvención nominativa, a favor da **ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL KV2211**, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a "ASOCIACIÓN KV2211" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos durante o





## Concello de Vigo

exercicio 2021, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 13.733 € (trece mil setecentos trinta e tres euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (72,81%)
- Recursos propios da asociación 3.733 € (27,18%)

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

#### **Sábado 9 de xaneiro: Concerto de Aninovo. “Aninovo Musical”**

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

#### **Domingo 21 de marzo: Reconquista. “Música para unha reconquista”**

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Igrexa Colexiata

#### **Sábado 15 de maio: Concerto das letras galegas. “A forza dunha lingua”**

Formación: Orquestra Infantil

Lugar: Centro cultural de algunha parroquia de Vigo

#### **Domingo 20 de xuño: Día da música. “Beethoven & Co: Love, Life, Music”**

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

#### **Mércores 23 de xuño. O camiño de Santiago**

Vigo celebra o Xacobeo. O camiño portugués transcorre pola cidade e para promover o Xacobeo na cidade prevemos un flashmob a realizar nunha praza de Vigo para por en valor o Camiño de Santiago portugués que pasa por Vigo. Esta actuación podería ser replicada en Santiago de Compostela co mesmo fin de promoción do camiño de Santiago sur.

#### **Domingo 10 de outubro: Música clásica polas parroquias**

Formación: Orquestra Infantil

Lugar: Centro cultural de algunha parroquia de Vigo

Todo isto en función da situación sanitaria e dentro das limitacións establecidas polas autoridades sanitarias por mor do COVID.

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Amancio Fernández Pérez, tesoureiro da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mes-

mos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente poliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**
- Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



## Concello de Vigo

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- i) Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.



## Concello de Vigo

- j) Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
  - k) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    - 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    - 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    - 3. Memoria de prensa.
    - 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    - 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equpos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defecuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

## DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## ORZAMENTO 2021

# Kv2211

ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO

Orzamento programación 2021 Orquestra Kv2211			
Ingresos		Gastos	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Aportación Concello de Vigo	10.000,00 €	Aluguer locais	1.500,00 €
Recursos propios asociación kv2211	3.733,00 €	Colaboracións musicais nos concertos	5.760,00 €
		Arreglo, adaptación de obras	850,00 €
		Partituras	600,00 €
		Limpeza local de ensaio	800,00 €
		Médios COVID	200,00 €
		Compra de material orquestra	600,00 €
		Fotografía, diseño e difusión	200,00 €
		Gastos de produción	600,00 €
		Gastos de gestoría	500,00 €
		Seguro de accidentes	380,00 €
		Seguro de R.C.	343,00 €
		Fotocopias partituras	180,00 €
		Programas e cartelería dos concertos	420,00 €
		Folleto con la programación 2021	200,00 €
		Gravación, montaxe e edición de vídeo	600,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>13.733,00 €</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>13.733,00 €</b>





**Concello de Vigo**

**10(262).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE MURO EN O PARQUE DO CASTRO". EXPTE. 733/441.**

Visto o informe xurídico do 24/03/21 e o informe de fiscalización do 31/03/21, dáse conta do informe-proposta do 24/03/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** Por parte da Concellería de Patrimonio remítese en data 10/07/2020, para a súa tramitación, proxecto de "REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE MURO EN O PARQUE DO CASTRO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Francisco Javier Zubia Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS E ONCE CÉNTIMOS (141.209,11 €).

**2º.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 23/09/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 16/10/2020 e 19/10/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29/10/2020 aprobou o proxecto de "REHABILITACIÓN DO MURO DO PARQUE DE O CASTRO" redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Francisco Javier Zubia Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS E ONCE CÉNTIMOS (141.209,11 €) e con data 15/09/2020.

**3º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29/10/2020 que se corresponde cos expediente administrativo 4634/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Francisco Javier Zubia Fernández, con data 15/09/2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de data 01/02/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 02/02/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 03/02/2021.
- E) Certificado de existencia de crédito (RC nº 202100008167) asinado polo Director Superior Contable en data 03/02/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, en data 09/02/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 25 e 26/01/2021.

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 12/03/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 24/03/2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 23/09/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 202100008167).

**Quinto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).



## Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de **“REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE MURO EN O PARQUE DO CASTRO”** suscrito polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Francisco Javier Zubia Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de 141.209,11 €.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 24/03/2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CORENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS E ONCE CÉNTIMOS (141.209,11 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 24.507,37 €. Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3360.619.00.01 (REPOSICIÓN MURO PARQUE DO CASTRO), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	141.209,11 €
TOTAL	141.209,11 €

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia o asunto seguinte, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de aprobación do proxecto modificado nº 1 das obras de “Humanización da rúa Ronda de Don Bosco, dende a rúa Progreso ata a rúa Velázquez Moreno, e entre a rúa Eduardo Iglesias e o Paseo de Granada”. Expte. 160/441.

Antes do tratamento de dito asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos

membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**11(263).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE A RÚA PROGRESO ATA A RÚA VELÁZQUEZ MORENO, E ENTRE A RÚA EDUARDO IGLESIAS E O PASEO DE GRANADA”. EXPTE. 160/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/03/21 e informe de fiscalización do 7/04/21, dáse conta do informe-proposta de data 26/03/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*«Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO”, redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación de máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.852.238,72 €), asinado dixitalmente o 23.11.2018».*

**2º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de novembro de 2019, adoptou entros outros, o seguinte acordo:

*“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441) por un prezo total de 1.516.983,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 263.278,13 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**3º.-** Con data 14 de novembro de 2019 formalizase o contrato das obras “Proxecto de humanización da rúa Ronda de Don Bosco”, entre o Concello de Vigo e a empresa



## Concello de Vigo

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

**4º.-** Con data 13 de decembro de 2019, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras ao Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños.

**5º.-** En data 13 de decembro de 2019 asínase a acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte.

**6º.-** Con data 5 de xuño de 2020, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE A RÚA PROGRESO ATA A RÚA VELÁZQUEZ MORENO, E ENTRE EDUARDO IGLESIAS E O PASO DE GRANADA".

**7º.-** Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, nesta mesma data, resolveu:

*"Aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE A RÚA PROGRESO ATA A RÚA VELÁZQUEZ MORENO, E ENTRE EDUARDO IGLESIAS E O PASEO DE GRANADA".*

**8º.-** Con data 05 de xuño de 2020, a empresa Arbogal redacta informe ao respecto do estado dos cedros en pé, incluído nos anexos 1.2. do proxecto modificado nº 1.

**9º.-** En data 10 de xuño de 2020, emítense acta de suspensión temporal parcial das obras, motivada pola tramitación e redacción da modificación do proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE A RÚA PROGRESO ATA A RÚA VELÁZQUEZ MORENO, E ENTRE EDUARDO IGLESIAS E O PASO DE GRANADA", a cal é asinada pola dirección facultativa, o representante do contratista e o responsable do contrato, dende o período comprendido entre o 10 de xuño ata a aprobación definitiva do modificado nº1 das anteditas obras.

**10º.-** Con data 10 de xuño de 2020, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu:

*"Incoar procedemento para a determinación das causas e posibles responsabilidades da caída das árbores durante a execución das obras do "Proxecto de humanización da rúa Ronda de Don Bosco".*

**11º.-** En data 6 de agosto de 2020, tras diversos análises e ensaios realizados in situ, a estación fitopatolóxica Areeiro redacta "Estudio del estado del arbolado existente actualmente en el jardín de la Ronda de Don Bosco y de las circunstancias del reciente desplome de dos cedros en el mismo ámbito", incluído nos anexos 1.2. do proxecto modificado nº 1.

En data 6 de outubro de 2020, O Servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo redacta informe ao respecto, que tamén se inclúe nos anexos 1.2. do proxecto modificado nº 1.

**12º.-** En data 04 de novembro de 2020, envíase a proposta de documento modificado N.º 1

a Xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo a para a súa autorización, recibíndose resolución favorable en data 18 de novembro de 2020. Dita resolución se incorpora no apartado 1.2.1 da documentación administrativa do proxecto modificado nº 1.

**13º.-** Mediante resolución de datas 30 de novembro e 1 de decembro de 2020, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, autorizou a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE A RÚA PROGRESO ATA A RÚA VELÁZQUEZ MORENO, E ENTRE EDUARDO IGLESIAS E O PASEO DE GRANADA”, por un período de tempo de DOUS MESES , polo cal a nova data de finalización da obra fíxase no 30 de xaneiro de 2021.

**14º.-** En data 22 de decembro de 2020, a Dirección Facultativa da obra solicita conformidade do Órgano de Contratación para a continuación provisional das obras referentes ao modificado nº 1, en base ao artigo 242.5 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014.

**15º.-** Tendo en conta o anterior , en data 28 de decembro de 2020, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2020, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP, resolveu:

*“Primeiro.- Dar conformidade á continuidade provisional das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, DENDE A RÚA PROGRESO ATA A RÚA VELÁZQUEZ MORENO, E ENTRE A RÚA EDUARDO IGLESIAS E O PASEO DE GRANADA” nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 22.12.2020.*

*Segundo.- Autorizar o gasto para a continuación provisional das obras, por importe de 76.282,78 euros, con cargo á partida orzamentaria 1532.619.0004 do orzamento vixente, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.*

*Terceiro.- O resto do gasto será de aplicación ao orzamento do ano 2021, na partida 1532.619.0004, a nivel de bolsa de vinculación, que tamén conta con crédito adecuado e suficiente.”*

**16º.-** En data 28 de febreiro de 2021, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2020, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP, resolveu:

Autorizar e comprometer o gasto a favor de Xestión Ambiental de Contratas S.L. (NIF: B36746584) para a continuación provisional das obras por importe de **151.264,75 euros**, con cargo á partida orzamentaria 1532.619.0004 do orzamento vixente, a cal conta con crédito adecuado e suficiente

**17º.-** Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 1 de marzo de 2021, no seguinte sentido:

“ (...)



## Concello de Vigo

### **II.- MODIFICACIÓNS**

Neste apartado inclúense as modificacións fundamentais contidas no proxecto modificado N.º 1:

#### **II.1. Desplome de dous cedros no xardín de Ronda de Don Bosco.**

No proxecto de "Humanización da rúa Ronda de Don Bosco, dende a rúa Progreso ata a rúa Velázquez Moreno, e entre a rúa Eduardo Iglesias e o Paseo de Granada" indicábase que, coa actuación proposta, conservábanse e integraban no proxecto as catro árbores de gran porte existentes no xardín de Ronda de Don Bosco.

O pasado 2 de xuño de 2020, produciuse o desplome dun dos cedros de gran porte do xardín. Este desplome provocou o tronzamento e caída da copa dun segundo cedro. Tralos diversos informes emitidos ao respecto do estado dos dous cedros do xardín que actualmente están en pé, incorporados como Anexo no documento do modificado n.º 1, conclúese a necesidade da substitución destes, para garantir a seguridade das persoas usuarias do espazo público. En data 18 de novembro de 2020, a Xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo resolver autorizar as actuacións do modificado n.º 1, indicando que a substitución das árbores debe manter o ambiente orixinal con especies de gran porte, de a lo menos 12-15 m.

Derivado dos traballos autorizados, e para dar cumprimento as comunicacións recibidas na que se recollen características e especies, é necesario xerar novas unidades de obra que se recollen a continuación para acadar o mantemento do ambiente orixinal e asemade se cumplan as premisas do proxecto orixinal:

#### **UNIDADE DE TALADO CEDRO GRAN PORTE ZONA URBANA**

Talado de árbore singular de gran porte en zona urbana con edificacións próximas, mediante medios mecánicos e manuais, con operarios especialistas en traballos forestais en altura.

Incluído poda da árbore para a continuación realizar o partido do tronco en pé con descenso controlado do mesmo mediante corda/guíá. Unha vez eliminado o tronco procederase ao destoconado, protexendo o pavimento de pedra natural e todos os servizos afectados mediante elementos físicos, con corte e escavación de raíces por sectores. Inclúese asemade retirada dos puntais existentes, preparación da zona de provisión, retirada do material necesario para executar a bancada e o pavimento, camión guindastre con pinza, proteccións colectivas, medios auxiliares e retirada da madeira.

<b>CANTIDADE</b>	<b>PREZO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>IMPORTE</b>
2 ud.	9.470,00 euros	18.940,00 euros

#### **UNIDADE DE ÁRBORE LIQUIDAMBAR GRAN PORTE *Styraciflua* "Worplesdon"**

Subministración, transporte, recepción, inspección e plantación de árbore singular da especie *Liquidambar styraciflua* "Worplesdon" de aproximadamente 11 m de altura, calibre 35/40 cm e 12 anos de idade, en cepellón repenicado de aproximadamente 90 x 90 x 90 cm,

*e poda de formación para adaptación a pérgola a instalar. Mesmo: formación de foxo, achega de hormona de enraizamento, plantación con medios mecánicos e de elevación suficiente para tamaño da árbore, axuda manual de persoal especializado en plantación de árbores singulares, sistema de titor oculto consistente en ancoraxe con redondos de madeira fincados a profundidade acorde ao porte da árbore, rodeando o cepellón e bandas de nailon con trinquete, pretesado e tesado final. Incluído tapado do cepellón, achega de terra vexetal, abonado e primeira rega.*

<b>CANTIDADE</b>	<b>PREZO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>PREZO</b>
4 ud.	8.870,00 euros	35.480,00 euros

#### **UNIDADE DE ÁRBORE GINKGO BILOBA "Autumm Gold"**

*Subministración, transporte, recepción, inspección e plantación de árbore singular da especie Ginkgo Biloba "Autumm Gold" de aproximadamente 3,50 - 4,00 m de altura en contedor de 230 litros. Incluído formación de foxo, achega de hormona de enraizamento, plantación con medios mecánicos e de elevación suficiente para tamaño da árbore, axuda manual de persoal especializado en plantación de árbores singulares, tapado do cepellón, achega de terra vexetal, abonado e primeira rega.*

<b>CANTIDADE</b>	<b>PREZO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>PREZO</b>
3 ud.	3.422,00 euros	10.266,00 euros

#### **II.2. Execución temporal do acabado superficial da pavimentación.**

*A caída das árbores citadas ocorreu no momento previo a execución en obra da pavimentación, estando o ámbito de actuación en terras. Este imprevisto, que obrigou a toma de medidas de seguridade inicial no ámbito, e posteriormente ao estudo das circunstancias e a emisión de diferentes informes poder aclarar o sucedido, e a tramitación das autorizacións pertinentes para levalas a cabo (como se recolle nos anexos do modificado n.º 1), dilatou no tempo a execución. Estando a obra en terras, fixo necesario o avance da execución dos pavimentos superficiais de formigón recollidos en proxecto, de modo que se facilitara a accesibilidade de usuarios e veciños da zona en condicións de seguridade o antes posible, con pavimento ríxido, reducindo na medida do posible as molestias.*

*Esta circunstancia da execución do necesario formigonado recollido en proxecto antes do remate das actuacións que conlevan maquinaria pesada, obriga a modificación da execución do pulido superficial do formigón de proxecto, de modo que este pulido superficial se execute desagregado temporalmente do formigonado, de modo que se protexa o acabado superficial das actuacións pendentes de executar (retirada e plantación de novas árbores de gran porte e execución de pérgola) que obrigan o emprego de maquinaria pesada e asemade se execute o pulido de toda a extensión do ámbito nun mesmo momento temporal trala finalización das principais tarefas que afectan ao pavimento.*





## Concello de Vigo

*Derivado do necesario decalaxe das tarefas de acabado superficial, que tralas probas executadas in situ e a decantación do árido dunha forma desigual debido a pendente, e necesario xerar unha nova unidade de obra coa seguinte medición referente ao pulido superficial do formigón en seco :*

### **UNIDADE DE PULIDO EN SECO**

*Execución de pulido en seco con máquina de dentes de diamante, con dúas pasadas superficiais ata 4 mm de espesor de pulido en total, incluído aspiración de restos, rego e limpeza entre pasadas e trala última e estendido de lechada de cubrición de poros e coqueras de formigón.*

<b>CANTIDADE</b>	<b>PREZO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>PREZO</b>
6.989,12 m <sup>2</sup>	14,83 euros	103.648,65 euros

### **II.3. Ubicación grupo escultórico.**

*Para o grupo escultórico dedicado á figura de Don Bosco se recollía no proxecto orixinal a recolocación sen ubicación física concreta na praza/xardín urbanizada, de acordo ás condicións establecidas na resolución do 28 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.*

*Recollese no modificado nº 1 a ubicación concreta do conxunto na confluencia da Ronda de Don Bosco coa rúa Pracer, dentro do Xardín catalogado, dotándoo de maior visibilidade arquitectónica. Esta posición acordada cos antigos alumnos do Colexio Salesianos, que foron os que compraron devandito grupo escultórico cumpre as condicións da Dirección Xeral de Patrimonio na resolución do 28 de setembro de 2018 e está autorizada asemade na resolución de novembro de 2020. A proposta de ubicación non supón variación do orzamento, nin de medición nin unidades.*

### **II.4. Modificación do entramado das Pérgolas para adaptación as novas árbores**

*A substitución das catro árbores de gran porte do Xardín de Ronda de Don Bosco, modifica a percepción do entorno do xardín, ao modificarse as especies de árbores e ser estas transplantadas dende viveiro, limita a densidade e follaxe os primeiros anos, polo que se considera necesario ampliar a separación entre as vigas de madeira das pérgolas facendo estas macizas, de modo que se acade unha percepción das árbores dende o espazo estancial de debaixo co mesmo grado de integración entre a superficie visual de madeira, o fondo arbóreo e o propio ceo que o previsto no proxecto orixinal aprobado e deste modo se manteñan as premisas deste.*

*Derivado das novas árbores faise necesario introducir unha nova unidade de obra referente as características das vigas de madeira que conforman a pérgola:*

### **SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE VIGA DE MADEIRA MACIZA DE IROKO DE 3X9 CM**

*Subministro e colocación de viga de madeira maciza de iroko de 3x9 cm, ancorado con*

varilla roscada de inox, protexida con Lasur, anclada con doble rosca embebida.

<b>CANTIDADE</b>	<b>PREZO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>PREZO</b>
34,26 m3.	1.900,01 euros	65.094,34 euros

### **III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN**

*En relación ás modificacións citadas debemos atender que todas estas non foron previstas no prego de cláusulas administrativas particulares e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a causa obxetiva da caída das árbores.*

*A xustificación das modificacións propostas se recollen no apartado II. Nacen estas da necesidade de garantir a seguridade das persoas usuarias do espazo público, xurdindo por circunstancias acaecidas con posterioridade a licitación do contrato de obra.*

*Estas modificacións citadas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

### **IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS**

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Indica:

- 1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.*
- 2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas **houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada**".*

*Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.*



## Concello de Vigo

### V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓN E VARIACIÓN POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO

Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

#### **1.- CAPÍTULO 1: ACTUACIÓN PREVIAS.**

Non hai variacións neste capítulo respecto o proxecto orixinal, mantense o mesmo importe.

HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RONDA DE DON BOSCO			PRESUPUESTO PRIMITIVO			PRESUPUESTO MODIFICADO			VARIACIÓN
Código	Ud	Resumen	Medición	Precio	Importe	Medición	Precio	Importe	N
<b>01</b>		<b>ACTUACIONES PREVIAS</b>	<b>1,00</b>	<b>4.919,62</b>	<b>4.919,62</b>	<b>1,00</b>	<b>4.919,62</b>	<b>4.919,62</b>	<b>0,00 %</b>
01.01	PA	NOTAS PREVIAS DEMOLICIONES	1,00	0,00	0,00	1,00	0,00	0,00	-
01.02	U	DESMONTAJE Y RETIRADA DE FAROLAS	38,00	62,75	2.384,50	38,00	62,75	2.384,50	0,00 %
01.03	U	RETIRADA, DEPÓSITO Y REUTILIZACIÓN DE MOBILIARIO EXISTENTE	41,00	15,69	643,29	41,00	15,69	643,29	0,00 %
01.04	U	RETIRADA TAPAS DE FUNDICIÓN REGISTRO INSTALACIONES URB.	126,00	7,84	987,84	126,00	7,84	987,84	0,00 %
01.05	U	CORTE Y RETIRADA ELEMENTOS PROTECCIÓN METÁLICOS	36,00	2,04	73,44	36,00	2,04	73,44	0,00 %
01.06	U	DESMONTAJE Y RETIRADA DE GRUPO ESCULTÓRICO	1,00	830,55	830,55	1,00	830,55	830,55	0,00 %

#### **2.- CAPÍTULO 2: DEMOLICIÓN.**

As variacións realizadas neste capítulo atenden ás circunstancias recollidas no artigo 242.4i) da Lei 9/2017.

HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RONDA DE DON BOSCO			PRESUPUESTO PRIMITIVO			PRESUPUESTO MODIFICADO			VARIACIÓN
Código	Ud	Resumen	Medición	Precio	Importe	Medición	Precio	Importe	N
<b>02</b>		<b>DEMOLICIONES</b>	<b>1,00</b>	<b>56.298,82</b>	<b>56.298,82</b>	<b>1,00</b>	<b>76.194,92</b>	<b>76.194,92</b>	<b>35,34 %</b>
02.01	M2	DEMOLICIÓN COMPLETA DE EDIF/FUENTE/ESTANQUE A MAQ	31,50	9,47	298,31	31,50	9,47	298,31	0,00 %
02.02	M	RETIRADA DE BORDILLOS	807,11	4,94	3.987,12	807,11	4,94	3.987,12	0,00 %
02.03	M2	DEMOLICIÓN DE ADOQUINADO C/COMPRESION	26,77	6,81	182,30	2.948,37	6,81	20.078,40	10.913,93 %
